

**Praza número: 25/12010**

**Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a**

**Área de coñecemento: Literatura Española**

**Departamento: Letras**

**Centro: Facultade de Filoloxía**

**Número de prazas: 1**

**Dedicación: Tempo Completo**

## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN**

En A Coruña , ás 14 horas do 22 de setembro , para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: María Eva Valcárcel López

Secretaría: Rosario Mascato Rey

Vogal 1º: Carmen Luna Sellés

Vogal 2º: Eduardo Becerra Grande

Vogal 3º: Vicente Cervera Salinas

Rep. Trab. (s/voto): Luis Miguel Puente Castelo

Na Coruña , a 22 de setembro do 2025

A presidencia da comisión

**Praza número: 25/12010**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a**

**Dedicación: Tempo Completo**

**Área de coñecemento: Literatura Española**

**Departamento: Letras**

**Centro: Facultade de Filoloxía**

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicada, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

### Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Lengua española e Teoría da Literatura e Literatura comparada.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

### Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

## II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

### II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, traducións e recensións recibidas.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, tipo de participación da persoa candidata, duración.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración, financiamento recibido.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento.

## III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

### III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

**Praza número: 25/12010**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a**

**Dedicación: Tempo Completo**

**Área de coñecemento: Literatura Española**

**Departamento: Letras**

**Centro: Facultade de Filoloxía**

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, indexación da revista nas bases de datos especializadas.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, prestixio editorial.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes

### **III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos**

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, carácter nacional ou internacional.

### **III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos**

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, rol desempeñado pola persoa candidata.

Na Coruña , a 22 de setembro do 2025

A presidencia da comisión